



Premio Galicia de Comunicación 2006 da Xunta de Galicia
Insignia de oro Cidade de Ferrol 2015

Juan Carlos Alonso, un dos grandes na caricatura

De Ferrol á Arxentina

Juan Carlos Alonso Pita naceu en Ferrol o 6 de xullo de 1886, e aquí viviu ata a morte do pai, contramestre da Armada, cando decidiu emigrar á Arxentina para traballar na tenda dun parente, na cidade de Tandil.

A experiencia de tendeiro foi curta porque aos 16 anos xa estaba traballando de recadeiro na prestixiosa revista *Caras y Caretas*, que dirixía o galego José María Cao, quen descubriu o seu extraordinario talento e converteuno en debuxante. En poucos meses Alonso fixo espléndidas viñetas nunha revista con vinte mil exemplares de tirada, a carón dalgúns dos máis prestixiosos debuxantes naquel país, no que tantos había. Ademais de viñetista e caricaturista, en pouco tempo converteuse en excelente ilustrador e cartelista.

No 1914 a revista *Crítica* decide reproducir algúns dos mellores debuxos do ano e enumera os debuxantes que merecen adxectivos especiais. O primeiro é Juan Carlos Alonso. No 1916 o cubano Bernardo García Barros cita no libro *La caricatura contemporánea* considera a Alonso como o sucesor de Cao, non só na dirección de *Caras y Caretas*, desde 1919, senón como caricaturista, viñetista e ilustrador.

As colaboracións en *Caras y Caretas* e outras publicacións como *Crítica*, *El Diario*, *Ultima Hora*, e *La Razón*, fan de Juan Carlos Alonso o debuxante máis valorado e prestixioso en Sudamérica; de aí que a crítica repita os eloxios, mesmo en España, onde José Francés, organizador dos *Salóns de Humoristas*, recoñece nel un artista orixinal, extraordinariamente dotado e cunha depuradísima técnica persoal.

Alonso fai, ademais, numerosas exposicións de pintura, que a crítica acolle con entusiasmo. Participa no *Salón de Artistas Arxentinos en París*, no ano 1923. No 1924 obtén o *Premio Cruz de Alfonso XII* na *Exposición Nacional de Bellas Artes*, celebrada en Madrid; o Goberno español concédelle a *Encomienda de Caballero de la Orden de Alfonso XII*, e a *Real Academia Galega* faino correspondente na Arxentina. Morreu o 15 de febreiro de 1945.